



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

### PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS PARA O ARQUIVO MUNICIPAL (Expdte. 2021/E001/000005)

#### PRIMEIRO EXERCICIO. CUESTIONARIO TIPO TEST ( RECLAMACIÓNS).

En Ordes, a 12 de xullo de 2021, sendo as dez horas reúnese a distancia, por medios electrónicos (videoconferencia) (art. 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP), o Tribunal que ha de xulgar proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun posto de técnico medio de arquivos para o arquivo municipal, convocado por resolución de alcaldía nº 393/2021, de data 5 de xullo de 2021.

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego, Tesoureira municipal.

- **Vogais:**

- Vogal 1: Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.
- Vogal 2: Estrella LLano Buján, Funcionaria do Corpo Facultativo Superior de Arquivos. A1 da Xunta de Galicia.
- Vogal 3: Sabela Gayoso Carreira, Xefa de Servizo do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo.

- **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Secretario municipal.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 9ª (Desenvolvemento do proceso de selección) á análise das reclamacións presentadas contra os resultados provisionais do 1º Exercicio da oposición, de comprobación de coñecementos teóricos no campo da xestión e organización de arquivos, cuestionario tipo test:

- Reclamación presentada por **ÁNGEL MARÍA ARCAY BARRAL**, con DNI nº \*\*\*4024\*\*, rexistro de entrada nº 202199900001415, de data 06/07/2021. Solicita a revisión da resposta correcta da pregunta nº 1, a revisión da resposta correcta da pregunta nº 35 e a anulación da pregunta nº 10, por estar marcada unha das opcións de posible resposta.
- Reclamación presentada por **PATRICIA MERINO MOURIÑO**, con DNI nº \*\*\*7967\*\*, rexistro de entrada nº 202199900001431, de data 07/07/2021. Solicita a anulación da pregunta nº 10 ao aparecer marcada en negrita a opción b) do cuestionario de preguntas.
- Reclamación presentada por **JOSÉ MANUEL SÍO DO CAMPO**, con DNI nº \*\*\*1109\*\*, rexistro de entrada nº 202199900001426, de data 07/07/2021, Solicita a anulación da pregunta nº 1, ningunha das opcións de resposta proposta é correcta.

Analizado o contido das alegacións, as opcións de resposta das preguntas nº 1 e nº 35, o Tribunal por unanimidade dos seus membros acorda:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- Estimar a reclamación contra as opcións de resposta da pregunta nº 1. Ningunha das opcións de respostas propostas no cuestionario tipo test é correcta. A resposta correcta é seis (6) meses (art. 21.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP). Procedendo a anulación desta pregunta, debendo ser obxecto de valoración no seu lugar a pregunta de reserva nº 32.
- Estimar a reclamación contra as opcións de resposta da pregunta de reserva nº 35. A opción de resposta correcta é a letra c) [(art. 105.b) CE]. Corrixirase esta resposta no cuestionario de respostas obxecto de publicación.
- A pregunta nº 10 xa foi anulada por este Tribunal o día de celebración do primeiro exercicio da oposición, sendo obxecto de valoración no seu lugar a pregunta de reserva nº 31.

Tendo en conta o anterior, polo Tribunal procédese á revisión dos resultados da corrección do primeiro exercicio inicialmente realizada, sendo as puntuacións definitivas deste primeiro exercicio as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
RODRÍGUEZ SEOANE, BRENDA	***2604**	5,30
ARCAY BARRAL, ÁNGEL MARÍA	***4024**	4,30
IGLESIAS BLANCO, ANASTASIO SANTOS	***1219**	4,20
LOUREIRO BADA, ROSA	***5340**	3,90
MERINO MOURIÑO, PATRICIA	***7967**	3,60
GARCÍA POSE, LAURA	***1788**	3,30
RODRÍGUEZ DEvesa, BEGOÑA	***6917**	3,00
SIO DO CAMPO, JOSÉ MANUEL	***1109**	3,00
BECERRA BERMÚDEZ, BRAIS	***4168**	Non apto
GESTO MALLÓN, MARÍA SOLEDAD	***1264**	Non apto

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección elevando a definitivas a valoración inicial dos méritos alegados polos aspirantes poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

De conformidade co establecido na Base 9ª (Desenvolvemento do proceso de selección) o Tribunal acorda convocar aos aspirantes para a realización da **Segundo Exercicio: Proba práctica, o día 19 de xullo de 2021, ás 10:00 horas, na sala de conferencias, Baixos da Praza da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes.**

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.



## **CONCELLO DE ORDES**

---

### **(A CORUÑA)**

A Presidenta,  
María Mónica Iglesias Prego.

O secretario,  
Juan Luis González Iglesias.